

DOMINGO XII ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (Xer 20, 10-13)

Lectura do libro de Xeremías

Dixo Xeremías:

Xa estou oíndo a sentenza, aumenta o terror arredor: "Denunciádeo, denunciémolo".

Tódolos que se fiaban da miña mensaxe de paz, agardan a miña caída: "A ver si se deixa seducir: poderemos con el, e vingarémonos del".

Polo Señor suspiro, como por un forte loitador; por isto os meus perseguidores caen, non me poden.

Quedarán cubertos de vergonza porque non tiveron éxito, non deixarán esquecida esta vergonza perpetua.

Señor dos Exércitos, que pos a proba o xusto, que ve-los sentimentos e mailas intencións,

eu hei ver como te vingas deles, pois a ti encomendei o meu preito.

Cantádelle ó Señor, loade o Señor, pois libra a vida dun pobre do poder dos malvados.

SALMO RESPONSORIAL (Sal 68, 8-10. 14 e 17. 33-35)

R/. (14c): **Pola túa moita bondade, escóitame, Señor.**

Por ti aturo eu afrontas
e cóbreme a cara a vergonza.
Volvinme estraño para meus irmáns,
alleo ós fillos da miña nai.
Consómeme o celo da túa casa
e as aldraxes dos que te aldraxan
caen enriba de min.

Mais eu, Señor, suplico cara a ti,
na hora, meu Deus, do teu favor.
Pola túa moita bondade,
respóndeme, pois ti é-lo socorro verdadeiro.
Respóndeme, Señor, conforme ó teu amor,
pola túa misericordia, vólvetes a min.
Olládeo, humildes, e alegrádevos,

avivecede o corazón os que buscáde-lo Señor,
pois o Señor escoita ós humildes,
non despreza ós seus na cadea.
Lóente o ceo e maila terra.

SEGUNDA LECTURA (Rm 5, 12-15)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós romanos

Irmáns:

Como por un home entrou o pecado no mundo e polo pecado a morte, así a tódolos homes chegou a morte, pois todos pecaron.

Porque, ata o tempo da Lei había pecado no mundo, pero o pecado non se imputaba ó non haber Lei.

Mesmo así, a morte dominou desde Adán ata Moisés, tamén sobre aqueles que non pecaron cunha transgresión semellante á de Adán, que é antecesor do home que debía vir.

Pero non hai comparanza entre o delicto e o don. Porque, se polo delicto dun home morreron tódolos outros, moito máis a gracia de Deus e a liberalidade na benevolencia dun home, Xesús Cristo, rebordaron sobre todos.

EVANXEO (Mt 10, 26-33)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Máteo

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus apóstolos:

- Non lles teñades medo ós homes, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrindo, nin cousa oculta que non se acaba sabendo. O que vos digo na escuridade, faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas, pregoádeo desde as azoteas.

Non lles teñades medo ós que matan o corpo, pero non poden mata-la alma; temede máis ben a aquel que pode arruina-lo corpo e a alma no inferno.

¿Non se venden un par de pardais por un as? Con todo, nin sequera un deles cae no chan sen o consentimento do voso Pai. E en canto a vós, mesmo os cabelos da vosa cabeza están todos contados. Así que non teñades medo, vós valedes máis ca tódolos pardais xuntos.

Todo o que volva por min diante dos homes, tamén eu hei volver por el diante de meu Pai, que está nos ceos; pero quen me negue diante dos homes, eu negareino a el diante de meu Pai, que está nos ceos.